

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**12625** *Real decreto 1004/2010, do 5 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española.*

A Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española (RTVE), tivo como finalidade esencial introducir un cambio estrutural do modelo de financiamento de RTVE consistente nun sistema único de financiamento baseado en ingresos públicos procedentes dos orzamentos xerais do Estado, complementado con achegas dos operadores de televisión e dos de telecomunicacións de ámbito estatal e supraautonómico, en atención ao impacto positivo nestes sectores da ampliación dos servizos de banda larga fixa e móbil, así como a supresión da publicidade e a renuncia a contidos de pagamento ou acceso condicional da Corporación RTVE. Outro compoñente esencial no novo modelo consiste na aplicación dunha porcentaxe do rendemento da taxa sobre reserva de dominio público radioeléctrico regulada na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Esas fontes de financiamento complétanse cos recursos obtidos polos servizos que preste a dita corporación; polos produtos e rendas do seu patrimonio; polas achegas voluntarias, subvencións, herdanzas, legados e doazóns; polo financiamento obtido nas operacións de crédito que concerte e calquera outro de dereito público ou de dereito privado que lle poida ser atribuído polo ordenamento xurídico.

Na dita lei contéñense unha serie de previsións cuxo desenvolvemento regulamentario vén previsto ao longo do articulado, e xustamente o obxecto deste real decreto é o de proceder ao dito desenvolvemento. Trátase dos seguintes aspectos.

En primeiro lugar, os ingresos procedentes dos orzamentos xerais do Estado, da explotación do dominio público radioeléctrico ou dos ingresos obtidos polos operadores de telecomunicacións ou de televisión só poden ser destinados a fins de servizo público, fixándose un límite de ingresos por todos os conceptos con que se pode financiar a corporación. Pois ben, mediante este real decreto desenvólvese a previsión contida no artigo 3 da lei, relativa ao procedemento para ingresar no Tesouro Público o exceso de ingresos sobre o mencionado límite.

En segundo lugar, tamén se deriva a sede regulamentaria a determinación da forma e prazos para que a Axencia Estatal de Radiocomunicacións xestione a taxa sobre reserva de dominio público radioeléctrico e a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira proceda a ordenar o pagamento a favor da Corporación de Radio e Televisión Española. Neste caso, a propia Lei 8/2009 dispón, na súa disposición adicional sexta, que a dita cantidade se aboará á Corporación RTVE por doceavas partes, dentro dos dez primeiros días de cada mes.

Ademais, e por mandato do establecido nos artigos 5 e 6 da Lei 8/2009, régúlase neste real decreto o procedemento para realizar a achega dos operadores de telecomunicacións e das sociedades concesionarias e prestadoras do servizo de televisión, en ambos os casos, de ámbito estatal ou superior ao dunha comunidade autónoma, destinada a financiar a Corporación RTVE. A lei prevé a posibilidade de que o dito pagamento se realice mediante autoliquidación e ese procedemento é o que se regula nesta norma.

Doutra banda, a disposición adicional sexta da lei remite ao desenvolvemento regulamentario a determinación concreta dos aspectos da xestión e da liquidación das achegas que deben realizar os operadores de telecomunicacións e as sociedades concesionarias do servizo de televisión; dos pagamentos á conta que deben realizar de acordo cos prazos e cantidades que se fixan na dita disposición adicional; así como da forma de compensar en exercicios posteriores o remanente que resulte cando a contía dos

pagamentos á conta efectuados supere o importe da achega que legalmente lles correspondería achegar. Estes pagamentos á conta calcúlanse tendo en conta os ingresos brutos de explotación facturados no ano anterior, excluídos, para o caso dos operadores de telecomunicacións, os obtidos no mercado de referencia por xunto.

Este real decreto tamén perfila o concepto de operadores de ámbito xeográfico estatal ou superior ao dunha comunidade autónoma que aparece recollido na lei, xa que aínda que no caso dos operadores de televisión o concepto está claro, non ocorre igual cos operadores de servizos de comunicacións, onde a mobilidade e a interoperabilidade dos servizos é a regra.

Así mesmo, e respecto tamén destes operadores, determínanse nesta norma cales son os servizos audiovisuais cuxa explotación os obriga a contribuir ao financiamento da Corporación RTVE.

Tamén se desenvolve o previsto na disposición adicional cuarta da Lei 8/2009, establecendo os criterios a que se deberá someter a Comisión do Mercado das Telecomunicacións para efectos de permitir o adiamento ou o fraccionamento da achega anual dos operadores e sociedades, tendo en conta a súa capacidade financeira e o nivel de ingresos.

Na súa virtude, por proposta das ministras da Presidencia e de Economía e Facenda e do ministro de Industria, Turismo e Comercio, e de acordo co Consello de Estado, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xullo de 2010,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución da Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española.

##### Artigo 2. *Xestión da recadación da taxa sobre reserva do dominio público radioeléctrico.*

1. En virtude do disposto no artigo 4.3 da Lei 8/2009, na súa redacción dada pola Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral audiovisual, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións xestionará a taxa sobre reserva do dominio público radioeléctrico nos termos previstos polo Real decreto 1620/2005, do 30 de decembro, polo que se regulan as taxas establecidas na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, cuxo rendemento total se ingresará no Tesouro Público conforme a normativa de recadación aplicable ás taxas.

2. Mentres as leis de orzamentos xerais do Estado non establezan unha porcentaxe diferente, corresponderá á Corporación RTVE o 80 por cento do rendemento da taxa de reserva do dominio público radioeléctrico, que se porá á súa disposición segundo se establece no artigo seguinte. O importe do recadado pola dita taxa, diminuído no importe afectado á Corporación RTVE, forma parte do orzamento de ingresos do Estado.

Para estes efectos, entenderase por rendemento da taxa os dereitos recoñecidos netos en cada exercicio orzamentario.

##### Artigo 3. *Ingreso da porcentaxe do rendemento da taxa sobre reserva do dominio público radioeléctrico.*

1. En aplicación do establecido na disposición adicional sexta da Lei 8/2009, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións proporá, en concepto de minoración de ingresos, á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, o pagamento á Corporación RTVE da porcentaxe do 80 por cento do rendemento da taxa por doceavas partes, en concepto de pagamentos á conta, dentro dos dez primeiros días de cada mes, tendo en conta en todo caso o límite de 330 millóns de euros como importe máximo anual.

Para o cálculo das cantidades mensuais que se aboarán á Corporación RTVE, tomarase o importe da recadación neta obtida en 20 de decembro do exercicio inmediato anterior. Para estes efectos, a Intervención Delegada da Dirección Xeral do Tesouro e

Política Financeira remitirá á Axencia Estatal de Radiocomunicacións certificación do importe recadado á dita data.

2. Unha vez coñecida a recadación neta obtida pola taxa, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións realizará a liquidación definitiva do pagamento que se debe efectuar, e procederase á oportuna regularización. De se producir unha diferenza a favor de Corporación RTVE, esta aboarase de acordo co procedemento sinalado no punto anterior nos dez primeiros días do mes de febreiro seguinte ao peche do correspondente exercicio. De resultar unha cantidade a devolver, a Corporación RTVE procederá a ingresar no Tesouro Público o importe correspondente antes do 30 de abril.

3. No caso de que exista diferenza entre os dereitos recoñecidos netos e a recadación neta, esta diferenza irase facendo efectiva a medida que se vaian liquidando os dereitos recoñecidos netos pendentes.

*Artigo 4. Achea dos operadores de comunicacións electrónicas que presten servizos audiovisuais ou que inclúan publicidade.*

1. Están obrigados a realizar a achega anual a que se refire o artigo 5 da Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española, os operadores de comunicacións electrónicas inscritos no Rexistro de Operadores da Comisión do Mercado das Telecomunicacións nos cales concorran as seguintes condicións:

a) Ámbito xeográfico de actuación estatal ou superior ao dunha comunidade autónoma, presumíndose esta condición salvo que a Comisión do Mercado das Telecomunicacións dite, por solicitude do interesado, unha resolución en que se constate o contrario.

Se no prazo de tres meses non se ditou e notificou resolución expresa, o interesado poderá entender estimada a súa solicitude por silencio administrativo nos termos previstos no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Que presten algún ou varios dos servizos seguintes:

Servizo telefónico fixo.

Servizo telefónico móbil.

Provedor de acceso á internet.

c) Que presten simultaneamente algún servizo audiovisual ou outro que inclúa algún tipo de publicidade.

Considéranse servizos audiovisuais os servizos de comunicación audiovisual tal e como se atopan definidos no artigo 2 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral de comunicación audiovisual.

As condicións anteriores están suxeitas a que a prestación dos servizos recollidos nas letras b) e c) deste punto se realicen en territorio español, directamente ou a través dunha empresa do mesmo grupo nos termos establecidos polo artigo 42 do Código de comercio.

2. A achega anual do 0,9 por cento establecida na lei calcularase sobre os ingresos brutos de explotación facturados no ano correspondente, excluídos os obtidos no mercado de referencia por xunto.

A achega resultante non poderá superar o 25 por cento do total de ingresos previstos para cada ano na Corporación RTVE.

A achega devengarase o 31 de decembro de cada ano. No entanto, se por causa imputable ao operador este perdese a habilitación para actuar como tal en data anterior ao 31 de decembro, a achega devengaríase na data en que esta circunstancia se produza.

Considéranse ingresos brutos de explotación os percibidos polas empresas por todos os seus servizos retalistas non audiovisuais.

3. Cando estas empresas, de acordo co disposto na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, actúen como prestadoras do servizo de televisión, as achegas realizaranse nos termos previstos no artigo seguinte.

*Artigo 5. Achega que realizarán os prestadores do servizo de televisión.*

1. Están obrigados a realizar as achegas establecidas no artigo 6 da Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española, os prestadores privados do servizo de comunicación audiovisual televisiva tanto en aberto como en condicional de pagamento, sempre que o servizo teña un ámbito xeográfico estatal ou superior ao dunha comunidade autónoma.

Para estes efectos, entenderanse prestadores de servizos de comunicación audiovisual televisiva aqueles definidos como tales no artigo 2 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

2. A achega para os prestadores do servizo de comunicación audiovisual televisiva en acceso aberto fíxase no 3 por cento dos ingresos brutos de explotación facturados no ano correspondente. Esta achega non poderá superar o 15 por cento do total de ingresos previstos para cada ano na Corporación RTVE.

A achega para os prestadores do servizo de comunicación audiovisual televisiva de acceso condicional de pagamento fíxase no 1,5 por cento dos ingresos brutos de explotación facturados no ano correspondente. Esta achega non poderá superar o 20 por cento do total de ingresos previstos para cada ano na Corporación RTVE.

Cando un operador de servizo de comunicación audiovisual preste servizos en aberto e en acceso condicional de pagamento, aplicarase o 3 por cento sobre a parte dos seus ingresos brutos procedentes dos servizos de comunicación audiovisual en aberto, e o 1,5 por cento sobre os seus ingresos brutos procedentes dos servizos de comunicación audiovisual en acceso condicional de pagamento.

A achega devengarase o 31 de decembro de cada ano. No entanto, se por causa imputable ao prestador este perde a habilitación para actuar como tal en data anterior ao 31 de decembro, a achega devengaríase na data en que esta circunstancia se produza.

Considéranse ingresos brutos de explotación os percibidos polos prestadores de servizos de comunicación audiovisual en razón da súa actividade como prestadores do servizo de comunicación audiovisual televisiva de acordo ao establecido na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual. En particular, os ingresos que deriven de actividades e conceptos recollidos nas definicións do artigo 2: 2.a, 2.b, 2.c, 4, 5, 7, 8, 9, 11, 14 e 24; do financiamento anticipado da produción europea de películas cinematográficas, películas e series para televisión, así como documentais e películas e series de animación previsto no artigo 5.3 e dos negocios xurídicos previstos no artigo 29.

As anteriores condicións están suxeitas a que a prestación dos servizos recollidos no parágrafo anterior se realicen en territorio español, directamente ou a través dunha empresa do mesmo grupo, nos termos establecidos polo artigo 42 do Código de comercio.

*Artigo 6. Procedemento de xestión das achegas dos operadores de telecomunicacións e televisión.*

1. A xestión, liquidación, inspección e recadación das achegas a que se refiren os artigos 4 e 5 deste real decreto corresponden á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

2. Os obrigados ao pagamento da achega deberán efectuar nos meses de abril, xullo e outubro un pagamento á conta da achega que se devengue o 31 de decembro de cada ano. O importe do pagamento á conta, para cada un dos fitos indicados, fíxase no 25 por cento do resultado de aplicar a porcentaxe sinalada aos ingresos brutos de explotación facturados no ano anterior ou, de ser o caso, do último ano liquidado, calculados conforme o establecido nos artigos 4.2 e 5.2 deste real decreto.

O ingreso dos pagamentos á conta efectuarase conforme o modelo aprobado por orde do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, por proposta da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

3. Os operadores deberán presentar ante a Comisión do Mercado das Telecomunicacións a autoliquidación das achegas correspondentes ao período de devengo.

A autoliquidación deberase presentar por vía electrónica, durante o mes de febreiro posterior ao peche do exercicio, conforme o modelo oficial aprobado por orde do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que tamén regulará o procedemento de presentación, por proposta da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

4. Se o resultado da autoliquidación, unha vez descontadas as cantidades ingresadas á conta, resultase negativo, poderá solicitarse a súa devolución ou compensarse cos pagamentos que se van realizar durante os catro anos seguintes, tanto nos posteriores modelos de ingreso dos pagamentos á conta como nos modelos de autoliquidación anuais.

5. No mes de abril de cada ano, a Comisión do Mercado de Telecomunicacións determinará se as cantidades liquidadas polo total dos operadores de telecomunicacións e televisión exceden os límites establecidos no número 4 do artigo 5 e nos números 4 e 5 do artigo 6 da lei. Para estes efectos, a Corporación RTVE comunicará á Comisión do Mercado das Telecomunicacións os ingresos totais previstos no exercicio anterior.

Se se producise tal exceso, antes de finalizar o ano, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións procederá á devolución correspondente a cada operador na conta que para tales efectos se incluíu no modelo de autoliquidación da correspondente achega.

6. As achegas, sexan as provenientes dos pagamentos á conta ou da autoliquidación, ingresaranse en efectivo na forma en que se determine na orde de aprobación dos respectivos modelos.

7. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións efectuará o correspondente ingreso no Tesouro Público das achegas percibidas, cos límites sobre os ingresos totais anuais previstos nos artigos 5.4, 6.4 e 6.5 da Lei 8/2009, e proporá o seu pagamento a favor da Corporación RTVE.

8. Unha vez producido o ingreso sinalado, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira procederá con carácter inmediato a efectuar unha transferencia á Corporación RTVE.

9. O exercicio das facultades de inspección por parte do persoal da Comisión do Mercado das Telecomunicacións en relación coas achegas a que se refire este regulamento rexeráse polo disposto na Lei xeral tributaria e pola súa normativa de desenvolvemento.

#### Artigo 7. *Proporcionalidade da obriga de realizar achegas.*

1. As funcións atribuídas á Comisión do Mercado das Telecomunicacións segundo o previsto na disposición adicional cuarta da Lei 8/2009 centraranse na análise, estudo e valoración da proporcionalidade da obriga de realizar as achegas de todos os operadores obrigados.

2. Para o cumprimento das indicadas funcións, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións tramitará as solicitudes que, de ser o caso, poidan presentar os suxeitos obrigados ao pagamento que, como consecuencia da súa situación económico-financiera, se vexan na imposibilidade ou dificultade manifesta do cumprimento da dita obriga. A tramitación das ditas solicitudes axustarase ao disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e nas súas normas de desenvolvemento.

3. Excepcionalmente, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá acordar, en razón da garantía da menor distorsión posible á competencia, e durante un prazo de tempo determinado, o adiamento ou fraccionamento do pagamento da achega anual dos suxeitos obrigados, cando os niveis de ingresos destes así como a súa respectiva capacidade financeira resulten determinantes para a mencionada decisión.



*Artigo 8. Exceso de ingresos sobre o límite establecido.*

1. En aplicación do disposto nos artigos 3 e 8 da Lei 8/2009, o prazo para determinar o importe da devolución ao Tesouro Público dos excedentes de ingresos sobre os límites establecidos legalmente fíxase nos 30 días seguintes ao da aprobación pola xunta de accionistas das contas anuais da Corporación RTVE.

A efectiva devolución do exceso ao Tesouro Público producirase antes do 31 de decembro do exercicio en que se aproben as contas.

2. O procedemento de devolución ao Tesouro Público dos excedentes de ingresos rexerese polas disposicións que para o efecto dite o Ministerio de Economía e Facenda.

3. Os recursos obtidos pola Corporación RTVE con cargo a pasivos financeiros ao abeiro do artigo 31 da Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, non terán a consideración de ingresos para os efectos do límite previsto no artigo 3 da Lei 8/2009.

*Artigo 9. Dotación do fondo de reserva.*

1. O fondo de reserva a que se refire o artigo 8 da Lei 8/2009 constituirase con ocasión da aprobación das contas anuais do exercicio.

O dito fondo estará dotado cos ingresos destinados ao financiamento anual para o cumprimento do servizo público que ten encomendado a Corporación RTVE, na parte que exceda a diferenza do custo neto do servizo público e ata o límite do 10% dos gastos anuais orzados.

2. De conformidade co disposto na Lei 7/2010, xeral da comunicación audiovisual, enténdese por custo neto do servizo público a diferenza entre os custos totais de RTVE de prestación do servizo público encomendado e os seus outros ingresos distintos das compensacións, todo iso para efectos do disposto na Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, e na Lei 4/2007, do 3 de abril, de transparencia das relacións financeiras entre as administracións públicas e as empresas públicas, e de transparencia financeira de determinadas empresas.

O excedente dos ingresos que superen o límite anterior ingresarase no Tesouro Público conforme se dispón no artigo 8 deste real decreto.

3. O fondo de reserva así constituído quedará estruturado como unha reserva especial, e debe figurar no patrimonio neto do balance dentro da subagrupación de fondos propios.

*Artigo 10. Utilización do fondo de reserva.*

1. A utilización total ou parcial do fondo de reserva precisará da autorización expresa do ministro de Economía e Facenda.

2. O fondo de reserva só se poderá destinar para compensar perdas de exercicios anteriores e para facer fronte a continxencias especiais materializadas tanto en gastos correntes como de investimento, derivadas da prestación do servizo público encomendado, dentro do límite establecido no artigo anterior.

3. En caso da súa non disposición en catro anos, o fondo de reserva será utilizado, total ou parcialmente, para reducir as compensacións polo cumprimento das obrigas de servizo público previstas na Lei 17/2006 e na Lei 8/2009. O Ministerio de Economía e Facenda adoptará as decisións oportunas para realizar a dita redución no orzamento inmediato seguinte.

4. Cando o fondo de reserva non poida compensar unha hipotética redución dos ingresos consistentes na porcentaxe sobre o rendemento da taxa sobre reserva de dominio público radioeléctrico, nas achegas dos operadores de telecomunicacións e nas achegas de sociedades concesionarias e prestadoras do servizo de televisión, completárase o orzamento previsto con fondos provenientes dos orzamentos xerais do Estado, coa condición de que o gasto non exceda os límites orzados.

Disposición transitoria primeira. *Exercicio de funcións ata a constitución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións.*

As competencias e funcións administrativas que se atribúen neste real decreto á Axencia Estatal de Radiocomunicacións serán exercidas polos órganos competentes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información ata a súa efectiva constitución, momento en que pasará a corresponder o seu exercicio ao dito organismo.

Disposición transitoria segunda. *Regras relativas aos pagamentos á conta e autoliquidacións no exercicio 2010.*

No exercicio 2010 aplicaranse as seguintes regras:

1.<sup>a</sup> Os pagamentos á conta mensuais a favor da Corporación RTVE da porcentaxe da taxa sobre dominio público radioeléctrico calcularanse tomando como referencia a recadación neta obtida no exercicio 2009, en 31 de decembro. Os restantes aspectos relativos á ordenación dos ditos pagamentos, liquidación e regularización rexeranse polo disposto no artigo 3 deste real decreto. Se no momento da entrada en vigor deste último existen pagamentos á conta correspondentes a meses vencidos e non aboados, efectuarase o seu pagamento a favor da Corporación RTVE no prazo de vinte días contados desde a dita data.

2.<sup>a</sup> No prazo de vinte días contados desde o día seguinte ao da entrada en vigor da orde de aprobación dos modelos de ingresos á conta e autoliquidación, os obrigados ao pagamento da achega regulada no artigo 6 da Lei 8/2009 presentarán a autoliquidación correspondente ao exercicio 2009, segundo as modalidades de cálculo da achega previstas na disposición transitoria terceira da referida lei.

3.<sup>a</sup> No prazo de vinte días contados desde o día seguinte ao da entrada en vigor da orde de aprobación dos modelos de ingresos á conta e autoliquidación, os obrigados ao pagamento polas achegas reguladas nos artigos 5 e 6 da Lei 8/2009 ingresarán os pagamentos á conta vencidos e non satisfeitos, correspondentes ao exercicio 2010.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltanse a ministra de Economía e Facenda e o ministro de Industria, Turismo e Comercio, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

A partir da súa entrada en vigor, e en todo caso antes do 10 de setembro de 2010, o ministro de Industria, Turismo e Comercio, por proposta da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, aprobará por orde ministerial os modelos de ingresos á conta e autoliquidación necesarios para a inmediata aplicación do réxime establecido na disposición transitoria segunda deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de agosto de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ